




Localización e accesos

O noso polígono está situado a menos de 30 minutos das principais áreas empresariais da contorna metropolitana (Sabón, Pocomaco e Agrela) e de dous importantes nodos loxísticos: o Porto Exterior e o aeroporto da Coruña.

O acceso directo á autoestrada AG-55 permitenos unha comunicación fácil e rápida coas principales cidades e vilas do resto da comunidade autónoma galega.



Rúa do Cobre, parcela A1,
15105 Carballo (A Coruña)
T +34 981 701 090
info@poligonodecarballo.com
www.poligonodecarballo.com




**Polígono
de Carballo**



Dossier corporativo



**Polígono
de Carballo**



O noso polígono

O Polígono de Carballo está situado entre a área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. Con 1.218.000 m² de superficie é un dos polígonos industriais con maior tamaño de Galicia, o que permite aloxar no seu interior actividades económicas que demandan un gran consumo de chan industrial e altos niveis de especialización.

A través da mellora continua dos nosos servizos e infraestruturas, aspiramos a incrementar a competitividade da nosa área empresarial e das empresas nela asentadas e, así, transformar ao Polígono de Carballo nun importante polo de desenvolvemento económico a nivel provincial e autonómico.



Asociacionismo empresarial

Para contribuir ao desenvolvemento da nosa contorna, mantermos un continuo diálogo e colaboración cos nosos grupos de interese, creando dinámicas que impulsan o ben común. As nosas actuacions están aliñadas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Organización das Nacións Unidas. En concreto:

- Cidades e comunidades sustentables
- Industria, innovación e infraestruturas
- Producción e consumo responsables
- Traballo decente e crecemento económico
- Educación de calidade

A Comunidade de Propietarios do Polígono de Carballo, constituída en 1991, é a entidade responsable do correcto funcionamento das infraestruturas e servizos do polígono, dando resposta ás demandas dos usuarios do mesmo. No ano 2012, créase a Asociación de Empresarios do Polígono, co obxecto de satisfacer as novas demandas empresariais a través da posta en marcha de servizos de valor engadido. Ademais, o noso polígono forma parte da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE).

Sustentabilidade



Servizos

- **Mantenimento e control de infraestruturas**
O noso persoal encárgase de velar polo correcto funcionamento dos servizos e infraestruturas que compoñen o polígono.
- **Viveiro de empresas**
Poñemos ao dispor dos emprendedores un espazo que lles facilite a posta en marcha dos seus proxectos empresariais.
- **Punto limpo e recollida**
A xestión de residuos é un servizo especialmente valorado polas nosas empresas, disponendo dun punto limpo e recollida individualizada de cartón e plástico.

- **Aparcadoiros disuasorios**
Contamos con dez áreas habilitadas como aparcadoiros totalmente gratuitos así como unha zona específica para camións e vehículos pesados.
- **Correio e mensaxería interna**
Un servizo que permite unha maior axilidade e un aforro de custos nas comunicacións entre as empresas situadas no polígono.
- **Zonas verdes, ocio e tempo libre**
O polígono é tamén un espazo de lecer e esparexemento para os usuarios e os veciños da comarca. Disponendo de importantes instalacións deportivas, restaurantes, así como amplas zonas verdes.



Datos de interese

Superficie
1.218.000 m²

Empresas
>200

Nº de empregos directos xerados
>1.500

Facturación agregada
>250 millóns de €

Sectores
10

Zonas verdes
>150.000 m²